

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2020 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para presentar solicitudes correspondentes á convocatoria do ano 2019 (código de procedemento ED701A).

Os artigos 55 e 69 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante, LOU) regulan, respectivamente, as retribucións do persoal docente e investigador contratado e funcionario. En concreto, ambos preceptos (55.2 e 69.3, respectivamente) establecen que as comunidades autónomas poderán establecer retribucións adicionais ligadas a méritos individuais relativos á actividade e dedicación docente, formación docente, investigación, xestión, investigación e transferencia de coñecemento. Dentro dos límites que para este fin fixen as comunidades autónomas, o Consello Social das universidades, por proposta do Consello de Goberno, poderá acordar a asignación singular e individual dos ditos complementos retributivos. A continuación indícase que estes complementos retributivos, se asignarán logo de que valore os méritos a ANECA ou o órgano de avaliación externa que determine a Comunidade Autónoma.

Conforme o disposto nos citados artigos 55 e 69 da LOU, así como no punto 4 do artigo 15 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario (DOG do 22 de marzo). Este decreto crea catro tipos de complementos e restrinxe a súa aplicación, de conformidade co disposto no seu artigo 1, ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o Sistema universitario de Galicia. No seu artigo 8 indícase que a asignación dos complementos exixirá a valoración previa positiva dos méritos en que se sustentan por parte do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto polo propio consorcio e conforme os seguintes criterios obxectivos, indicativos e non exclusivos.

De acordo co anterior, a avaliación das actividades docentes e investigadoras, logo da asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora dos profesores pertencentes ao Sistema universitario de Galicia, levarase a cabo de acordo co disposto na Orde do 16 de outubro de 2006, pola



que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA, relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión (DOG do 26 de outubro).

A citada orde, así como as bases das correspondentes convocatorias do consorcio ACSUG, deben recoller as exixencias dos artigos 1 e 6 do Decreto 55/2004, polo que deben limitar deste xeito o ámbito subxectivo dos complementos ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor fixo das universidades do SUG, pois non convén esquecer que o punto 2 do artigo 47 da Lei 39/2015 establece a nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior.

Neste sentido, o punto 3 do artigo 6 do Decreto 55/2004 establece, no punto 2, entre os requisitos específicos do complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, a exixencia de que «a praza do solicitante debe ser fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei».

Porén, a última xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en aplicación da cláusula 4.1 da Directiva 1999/70/CE, prohibe o tratamento diferenciado nas condicións de traballo das persoas que teñan un contrato de duración determinada e das fixas comparables, a menos que se xustifique por razóns obxectivas.

Deste xeito, e tendo presente a Directiva 1999/70/CE, deixaríase de aplicar o requisito da praza fixa e estable e da superación do correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei, ben que todos os demais requisitos específicos exixidos seguen plenamente vixentes.

Finalmente, mediante a Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publícanse os acordos do Consello de Dirección da ACSUG, polos cales se delega na súa Presidencia a realización das convocatorias anuais de valoración previa á asignación de complementos retributivos, polo que, en virtude das citadas competencias delegadas,

RESOLVO:

Primeira. *Obxecto*

Aprobar a convocatoria ordinaria e abrir o prazo de presentación de solicitudes para a valoración previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de re-



coñecemento á excelencia curricular docente e investigadora establecido no artigo 2.3 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario (código de procedemento administrativo ED701A).

Segunda. *Persoas destinatarias*

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, poderá solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor, tanto de carácter fixo como temporal, das universidades públicas que compoñen o Sistema universitario de Galicia (SUG).

Terceira. *Requisitos*

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, co artigo 6.3 da mesma disposición, así como co disposto polo artigo 2.1 da Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración previa á asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, para obter a valoración será necesario acreditar, antes do remate do prazo establecido para a presentación das solicitudes:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente e investigador, como funcionario ou como contratado doutor, tanto de carácter fixo como de carácter temporal, de calquera das universidades públicas de Galicia.

Cando o persoal docente e investigador que, cumprindo todos os requisitos para a solicitude do complemento, se encontre en situación de servizos especiais ou comisión de servizos poderá presentar igualmente solicitude para a avaliación do período convocado. Non obstante, os efectos económicos resultantes da dita avaliación iniciaranse no momento da reincorporación ao seu posto na correspondente institución universitaria.

2. Ter polo menos un ano de servizos na súa praza, cumprido en 31 de decembro de 2018.



3. Ter recoñecidos dous quinquenios de docencia pola universidade, con efectos do 31 de decembro de 2018.

4. Ter recoñecido un sexenio de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI), con efectos do 31 de decembro de 2018.

5. Valoración positiva dos méritos en que se sustente a solicitude pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de outubro de 2006.

Cuarta. *Período de avaliación*

1. Os méritos que se valoran estarán comprendidos no período 2014-2018.

Con carácter excepcional, os solicitantes que durante o dito período gozasen de permisos de baixa maternal ou paternal poderán incorporar méritos realizados ao longo dun intervalo temporal idéntico ao da duración da baixa e inmediatamente anterior ao inicio do período de avaliación da presente convocatoria. Neste caso, será necesario incorporar xustificación do gozo do referido permiso.

2. De acordo co establecido no artigo 4.3 da Orde do 16 de outubro de 2006, transcorridos un mínimo de tres anos desde a obtención da avaliación e sempre e cando nese período obtivesen un novo tramo docente ou de investigación, os interesados poderán solicitar unha reavaliación. Neste caso os méritos que se valorarán estarán comprendidos igualmente no período 2014-2018. Esta nova avaliación substituirá, para todos os efectos, a anteriormente acadada.

Quinta. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Os solicitantes deberán cubrir telematicamente a solicitude (anexo III) no modelo dispoñible na aplicación informática da ACSUG, á cal se deberá acceder a través da páxina web <http://www.acsug.es/convocatorias-abertas>. Non se valorarán os méritos que non fosen incorporados telematicamente a través da aplicación informática da ACSUG.

2. Unha vez cuberta a solicitude do xeito indicado no punto anterior, xerarase o correspondente documento PDF e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.



Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude en formato papel, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios na sede electrónica, poderanse dirixir ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.gal.

Sexta. Formalización e alegación dos méritos curriculares

A relación de méritos curriculares para avaliar que se aleguen, de entre os aprobados pola CGIACA e recollidos nos anexos I e II da presente resolución, formalizarase no formato dixital dispoñible para o efecto na aplicación informática á cal se poderá acceder a través da páxina web <http://www.acsug.es/convocatorias-abertas>.

Non se valorarán os méritos que non sexan alegados deste xeito.

Sétima. Documentos necesarios para tramitar o procedemento

1. Xunto coa solicitude (anexo III) as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa dos méritos curriculares que se aleguen.
- Documentación acreditativa, de ser o caso, do gozo de permiso por baixa maternal ou paternal no período 2014-2018.
- *Curriculum vitae* completo actualizado en calquera dos formatos existentes (ANEP, Dirección Xeral I+D, etc.).
- Outros documentos que a persoa solicitante considere relevantes.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente no espazo dispoñible para o efecto na aplicación informática da ACSUG, á cal se accederá a través da páxina web <http://www.acsug.es/convocatorias-abertas>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. En calquera caso, esta documentación deberá ser presentada antes de rematar o prazo da convocatoria. De xeito contrario a documentación non será tida en conta.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. Non se admitirá a trámite nin se valorará ningunha documentación xustificativa dos méritos alegados que non cumpran co disposto nesta base.

Oitava. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) Estar integrado no cadro de persoal docente, como funcionario ou como contratado doutor, tanto de carácter fixo como de carácter temporal, de calquera das universidades públicas de Galicia, e ter acreditado, polo menos, un ano de servizo na súa praza en 31 de decembro de 2018.

d) Número de quinquenios de docencia recoñecidos pola universidade.

e) Número de sexenios recoñecidos pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI).



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Décima. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter a súa conta de correo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear a indicada conta, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. *Prazo*

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo segunda. *Emenda e mellora da solicitude*

1. Cando as solicitudes presentadas en prazo polos interesados non reúnan os requisitos exixidos pola normativa que lles resulte de aplicación, non se cubrise a solicitude ou non se xuntasen os documentos exixidos nestas bases, a ACSUG requirirá o interesado para que, no prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, se emende a carencia, consonte co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015. No caso de non atender ao dito requirimento, entenderase que desisten da súa petición.

2. Rematado o prazo para presentar solicitudes, as avaliacións faranse con base nos méritos alegados na aplicación informática de ACSUG, así como na documentación acreditativa deles.

Décimo terceira. *Procedemento*

O procedemento de tramitación e avaliación das solicitudes farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión.

Décimo cuarta. *Acordos de avaliación*

1. De conformidade co establecido no artigo 23 dos estatutos do consorcio ACSUG, aprobados polo Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, correspóndelle á CGIACA a competencia para emitir as avaliacións a que se fai referencia na base primeira.



2. Os acordos de valoración adoptados pola CGIACA, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, serán notificados a cada solicitante persoal e directamente nos cinco meses seguintes ao peche do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do disposto na disposición adicional vixésimo primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 13 de abril).

Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os acordos de valoración adoptados pola CGIACA, cando resulten positivos, serán notificados directamente polo consorcio ACSUG ás correspondentes universidades, para que, se é o caso, os seus consellos sociais realicen a asignación singular e individual dos referidos complementos.

Décimo quinta. *Recurso*

Os acordos adoptados pola CGIACA esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, poderán ser obxecto de recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou seren impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Este recurso deberá presentarse telematicamente consonte o establecido na base quinta.

Décimo sexta. *Efectos económicos*

1. Cando se proceda á asignación do complemento de recoñecemento á excelencia curricular, o pagamento das correspondentes retribucións farase con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2019.

2. Os membros dos órganos da ACSUG non poderán solicitar a renovación do complemento mentres se manteñan no desempeño dos seus cargos, polo que se prorrogarán os efectos económicos íntegros do complemento que tivesen recoñecidos ata que se produza o seu cesamento.



Décimo sétima. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-ACSUG coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo oitava. *Entrada en vigor*

A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

María Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consorcio Axencia para a Calidade
do Sistema Universitario de Galicia



ANEXO I
Méritos da actividade docente
Período 2014-2018

	Puntuación máxima: por ítem	Puntuación máxima: por tipo
1. Amplitude, intensidade, tipo e resultados na docencia no período de cinco anos avaliado (docencia en diplomatura, licenciatura, grao, posgrao, doutoramento ou equivalentes: máx. 10; tipo de docencia: teórica, práctica, dirección de TFG e outras actividades docentes EEES recollidas en POD: máx. 15; diversidade de materias e outras actividades docentes (como xestión de TFM, etc): máx. 10.	35	35
2. Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: manuais, unidades didácticas, libros, capítulos de libros, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións, software e outro material para a docencia.	20	30
3. Implicación na mellora da actividade docente universitaria ¹ :		30
a) Coordinación de curso	10	
b) Coordinación de grao ou equivalente	15	
c) Coordinación de máster ou equivalente	20	
d) Coordinación de programas de doutoramento	20	
e) Plan de acción tutorial	10	
f) Responsable de calidade de centro (PRCC)	10	
4. Participación en actividades de formación:		
4.1. Actividades de formación docente		30
a) Dirección de cursos de formación docente de, polo menos, 20 horas	5	
b) Impartición de cursos de formación docente de, polo menos, 4 horas	10	
c) Asistencia a cursos de formación docente de, polo menos, 8 horas.	5	15
4.2. Actividades de formación investigadora		
a) Teses doutorais dirixidas e defendidas ²	20	40
b) Impartición de cursos de formación de investigadores	15	15
5. Actividades de prácticas externas e mobilidade		30
5.1. Coordinación e titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico) ¹	15	15
5.2. Coordinación e titorización de proxectos de intercambio de estudantes: Erasmus, Erasmus Mundus, etc. ¹	15	15
5.3. Participación dos docentes en programas de intercambios internacionais e/ou interuniversitarios ¹	10	20



	Puntuación máxima: por ítem	Puntuación máxima: por tipo
6. Participación en actividades de innovación docente:		30
6.1. Proxectos competitivos de innovación docente	15	
6.2. Participación en comités de autoavaliación, comités externos de avaliación, comisións de normalización lingüística, comisións de avaliación do profesorado, grupos de innovación docente, etc., de relevancia docente ¹	10	
7. Outras actividades relacionadas coa docencia: ¹		20
7.1. Premios e distincións relacionados coa actividade docente	10	
7.2. Participación en actividades docentes por invitación	5	
7.3. Redes docentes	10	
7.4. Actividades de divulgación docente	5	
7.5. Outras actividades	5	
8. Actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria ³	***	***
9. Valoración da actividade docente universitaria ⁴ :		30
9.1. Opinión dos estudantes respecto á docencia impartida polo profesorado		
Media superior á titulación e universidade	15	
Media superior universidade	10	
9.2. Valoración obtida no programa Docencia ⁵		
Excelente	30	
Notable	25	
Aceptable	20	

¹ Sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

² As teses doutorais poden ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas as epígrafes polo mesmo solicitante, aínda tratándose de teses diferentes.

³ Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos correspondentes a calquera dos puntos anteriores, o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

⁴ Poderá optarse por presentar as enquisas de estudantes ou a valoración obtida no programa Docencia. En ningún caso se terán en conta ambos os méritos.

⁵ Só poderán achegar este mérito os solicitantes que obtivesen a avaliación dunha convocatoria posterior ao 18 de maio de 2011, de xeito que se garanta que se cumpra cos requisitos establecidos no documento «Proceso de certificación dos modelos de avaliación da actividade docente do profesorado universitario (programa Docencia)».



ANEXO II
Méritos da actividade investigadora e de transferencia do coñecemento
Período 2014-2018

	Puntuación máxima: por ítem		Puntuación máxima: por tipo
1. Actividade investigadora			
1.1. Teses doutorais dirixidas e defendidas ¹	20		40
1.2. Proxectos/convenios-contratos con empresas-institucións			60
a) Proxectos competitivos de ámbito internacional	Dirección	30	
	Participación	15	
b) Proxectos competitivos do Plan nacional	Dirección	20	
	Participación	10	
c) Redes de excelencia do Plan nacional	Dirección/coordinación	20	
	Participación	10	
d) Proxectos competitivos autonómicos	Dirección	15	
	Participación	10	
e) Axudas á consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG	Dirección/coordinación	20	
	Participación	10	
f) Coordinador Partner internacional	20		
g) Convenios ou contratos con empresas ou institucións	Dirección	10	
	Participación	5	
1.3) Participación en congresos, simposios ou equivalentes			20
a) Impartición de conferencias plenarias ou relatorios por invitación en congresos, simposios ou equivalentes	15		
b) Outras intervencións relevantes	10		
1.4) Organización da investigación			40
a) Responsable de organización de eventos científicos e culturais de relevancia internacional (comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional)	15		
b) Director, editor ou membro de comités de edición ou de redacción de revistas ou editoriais de ámbito internacional	15		



	Puntuación máxima: por ítem	Puntuación máxima: por tipo
c) Organización/dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, etc.	15	
d) Premios e distincións relevantes relacionados coa actividade investigadora	15	
e) Outros méritos de investigación	15	
1.5. Mobilidade		20
Estadías de investigación en centros estranxeiros de prestixio (mínimo 1 mes) ²	4 puntos por mes	
1.6. Actividades que fomenten o uso do galego na investigación ³	***	***
2. Transferencia e divulgación do coñecemento		
2.1. Transferencias tecnolóxicas	15	
2.2. Patentes recoñecidas	15	
2.3. Comisario ou organizador de exposicións de relevancia estatal ou internacional	15	
2.4. Informes relevantes	10	
2.5. Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia	15	
2.6. Creación de empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía	20	
2.7. Divulgación do coñecemento	15	
2.8. Conferencias e cursos de divulgación científica	5	10
2.9. Outros méritos de transferencia e divulgación do coñecemento	15	
2.10. Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento ³	***	***

¹ As teses doutorais poden ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas epígrafes polo mesmo solicitante, aínda tratándose de teses diferentes.

² Nesta epígrafe poden incluírse a totalidade das estadías cunha duración mínima dun mes do período que se vai avaliar. A devandita suma computará como un só mérito.

³ Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos correspondentes a calquera dos puntos anteriores, o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO III

PROCEDIMENTO AVALIACIÓN PREVIA Á ASIGNACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS RELATIVAS AO COMPLEMENTO DE EXCELENCIA CURRICULAR DOCENTE E INVESTIGADORA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED701A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ADMINISTRATIVOS	
PROFESOR <input type="radio"/> CU <input type="radio"/> TU <input type="radio"/> CEU <input type="radio"/> TEU <input type="radio"/> CD	UNIVERSIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CENTRO	DEPARTAMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ÁREA DE COÑECEMENTO	CÓDIGO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DA TOMA DE POSESIÓN COMO FUNCIONARIO OU CD (tanto de carácter fixo como de carácter temporal)	
<input type="text"/>	

TRAMOS DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN (que se acredita ter recoñecidos con efectos do 31 de decembro de 2018)							
Tramos docentes (quinquenios). Períodos:				Tramos de investigación (sexenios). Períodos:			
1°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	1°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>
2°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	2°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>
3°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	3°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>
4°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	4°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>
5°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	5°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>
6°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	6°. De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>

TIPO DE AVALIACIÓN	
<input type="checkbox"/> Primeira avaliación	
<input type="checkbox"/> Reavaliación (por transcurso de 3 ou 4 anos)	Ano da anterior convocatoria: <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Reavaliación (por transcurso de 5 anos)	Ano da anterior convocatoria: <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Marque cun X este recadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e medición de satisfacción.	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 92chkuu5-at64-25w7-ve76-6bj4sqp1wns5


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO III
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que coñece e acepta todos os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria.
3. Que considera reunir todos os requisitos exixidos, polo que SOLICITA a concesión do complemento arriba indicado.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Anexo III (xerado pola aplicación de ACSUG)
- Documentación xustificativa dos méritos curriculares que se aleguen
- Documentación acreditativa, de ser o caso, do gozo de permiso por baixa maternal ou paternal no período 2014-2018
- Curriculum vitae* completo actualizado en calquera dos formatos existentes (ANEP, Dirección Xeral I+D, etc.)
- Outros documentos que a persoa solicitante considere relevantes (indíquese cales):

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Estar integrado no cadro de persoal docente como funcionario ou como contratado doutor, tanto de carácter fixo como de carácter temporal, de calquera das universidades públicas de Galicia, e ter acreditado, polo menos, un ano de servizos na súa praza, feito en 31 de decembro de 2018	<input type="checkbox"/>
Número de quinquenios de docencia recoñecidos pola universidade	<input type="checkbox"/>
Número de sexenios recoñecidos pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI)	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e os procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión.


Resolución do 30 de xaneiro de 2020 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para presentar solicitudes correspondentes á convocatoria do ano 2019 (código de procedemento ED701A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 92chkuu5-at64-25w7-ve76-6bj4sqp1wns5


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>